

Editando con Audacity

Aprende a importar un arquivo de son, seleccionar, cortar e gardar o resultado como proxecto e como arquivo de son.

Con este exercicio vas practicar:

- Importar un arquivo de audio a Audacity.
- Seleccionar fragmentos de audio.
- Utilizar a ferramenta zoom.
- Cortar fragmentos de audio.
- Gardar un proxecto Audacity.
- Exportar un arquivo de son.
- Creación de Metadatos.

1. Iremos utilizar un clip de son da Serie dos Simpson TV Series. Podes descargar o clip

facendo clic en [Arquivo de audio](#)

2. Se te fixas, na parte superior esquerda, observarás que está activada a ferramenta de selección por defecto. Ten o aspecto dunha letra i, pero maiúscula, así "I". Despois verás que hai unha serie de botóns cadrados, os cales teñen controis parecidos aos dun reprodutor de CDs. Usaremos os botóns de PLAY and STOP (Usa STOP, non PAUSE). Xa iremos mencionando outros botóns, segundo sexan necesarios...




3. Antes de que podamos editar, necesitamos primeiro Importar un ficheiro, neste caso faremolo con "homer.wav".

4. Para abrir o arquivo ve a (Arquivo → Importar Audio). Os ficheiros tipo ".WAV" son os arquivos de audio característicos de Windows. Unha vez aberto, aparecerá na xanela de Audacity.

5. Asegúrate de que o son do teu computador funciona, tamén que os altosfalantes do teu computador ou os cascos están conectados.

6. Se fas soar o ficheiro unhas cantas veces, notarás que o ficheiro empeza e termina co son dunha harmónica.

7. A nosa primeira tarefa vai consistir en suprimir este son que está ao principio e final do arquivo que estamos a manexar. Volve facer soar o ficheiro ata que localices perfectamente onde está o son da harmónica. Se non logras a precisión adecuada, usa a lupa (Zoom).



8. Despois, usando o rato, selecciona coidadosamente o son.
9. Usa o menú "Editar", "Cortar" e suprime esta parte do arquivo de son. (Tamén podes usar a ferramenta cortar).
10. Se non estás satisfeito co resultado, é aconsellable que uses a ferramenta Zoom para ver con máis detalle onde debes seleccionar.
11. Imos agora a cortar a parte onde Homer di: "Que tanto duran!"
12. O truco para borrarlo é seleccionar a zona onde se atopa a frase "que tanto duran", probando unha e outra vez ata axustar correctamente. Sempre é aconsellable utilizar a lupa para facer "Zoom" sobre a pista, no lugar aproximado.
13. Cando selecciones a frase, utiliza o "play" para asegurarche que o que seleccionaches é exactamente o que buscas. Entón, utiliza o menú: "Editar"->"Cortar" ou selecciona as tesoiras directamente. A expresión haberá desaparecido.
14. Comproba que toda a edición fíxose correctamente. Utilizaremos o botón que está á esquerda do play, para ir ao principio do ficheiro. Agora dálle ao play. Faino soar e queda conforme co resultado.


Gardar o proxecto e o arquivo

Para gardar, seguiremos estes pasos:

PRIMEIRO GARDAR O PROXECTO POR SE QUEREMOS EDITALO DE NOVO OUTRA VEZ

Un proxecto en Audacity é un arquivo que contén toda a información relacionada co traballo que fixeches e que só funcionará dentro de Audacity. En caso de querer realizar modificacións nun futuro, é moi importante que conserves este ficheiro.

1. Escollemos: "Arquivo" "Gardar proxecto como": proxectoO1.aup3. Desta maneira, o ficheiro orixinal non se perde e á vez gardamos o noso proxecto, o que editamos.
2. Se é a primeira vez que creas un proxecto neste equipo, o computador mostrarache a mensaxe:



3. O programa está a indicarche que non estás a crear un arquivo de audio, se non un proxecto en Audacity.

Se non queres que esta mensaxe volva aparecer fai clic no tic "Non volver mostrar..."

- Crea un cartafol chamado "Practica01" no teu equipo E-Dixal na seguinte ruta:

`/home/usuario/projects` e garda alí todos os arquivos creados.

EXPORTAR O NOSO FICHEIRO CON TRES FORMATOS: WAV, OGG E MP3

A partir do proxecto Audacity poderemos crear arquivos de audio en distintos formatos que poderán ser escoitados cun reprodutor de audio externo a Audacity.

Podes elixir entre diferentes formatos de audio, comprimidos (mp3, ogg) ou sen comprimir (wav). Os formatos comprimidos ocupan moito menos espazo, a cambio pérdese parte da calidade do son.


1. Outra cousa que é importante a ter en conta é o grao de compresión que desexamos para o noso arquivo mp3 resultante. Esta é a diferenza entre que o noso arquivo teña mellor ou peor calidade.
2. Escollemos: Arquivo -> Exportar e eliximos o tipo de arquivo a crear.
3. Crea tres copias do arquivo de traballo, unha en formato wav, outra en formato mp3 (de calidade estándar) e outra en formato ogg.

Recorda que debes gardar todos os arquivos creados no cartafol que creaches chamado "Practica01" no teu equipo E-Dixal na seguinte ruta:

`/home/usuario/projects` e garda alí.

Metadatos: Datos sobre o arquivo que poderán ser mostrados polo reprodutor de audio.

4. Ao crear o arquivo de audio o programa dáche a posibilidade de definir os seus metadatos a través da seguinte xanela:



5. Define os metadatos do teu arquivo (Artista, Nome de pista, Título de álbum...)

Recorda novamente que debes gardar todos os arquivos creados no cartafol chamado "Practica01" no teu equipo E-Dixal na seguinte ruta:

`/home/usuario/projects` e garda alí.

